

# RESERVA DE PRAZAS PARA AS ESCOLAS DEPORTIVAS MUNICIPAIS CURSO 2024/2025

## PRAZO: DO 10 DE XUÑO AO 3 DE XULLO

No Pavillón da Xunqueira (*presencialmente*)  
para alumnado matriculado no mes de xuño

O alumnado de **Fene** poderá realizar a súa reserva entre o **10 e o 21 de xuño**.

O alumnado de **fóra de Fene** e de Fene poderá realizar a súa reserva do **24 de xuño ao 3 de xullo**.

### HORARIO DE ATENCIÓN AO PÚBLICO

- DE LUNS A VENRES 08:30 A 14:00 H.
- MÉRCORES DO MES DE XUÑO.- 16:00 A 19:00 H.

### RESERVA DE PRAZAS PARA AS ESCOLAS DEPORTIVAS DA PISCINA, PAVILLÓNS, KÁRATE E JUDO CURSO 24/25.

#### Documentación a presentar

- Carné de usuario/a
- Para quen desexe domiciliar o pagamento trimestral, achegar un recibo do banco co IBAN e os 20 díxitos da conta.

#### NORMATIVA XERAL

Todo o alumnado matriculado no mes de xuño (*que non teña cotas pendentes de pagamento deste curso ou cursos anteriores*), poderá facela reserva de praza na escola na que estaba matriculado no mesmo grupo e no mesmo horario no que estiveron durante o presente curso, agás aqueles que por idade ou por nivel cambien de grupo, neste caso terá que escoller novo horario.

As persoas que o desexen poderán facer a reserva de tódalas persoas integrantes da súa unidade familiar (*sempre que sexan alumnado de escolas deportivas durante o mes de xuño*) e de dúas persoas alleas á mesma (*sempre e cando estas dúas persoas non vaian a domiciliar o pagamento, xa que para domiciliar é preciso que asine o titular da conta*).

Finalizado o prazo de reservas se non se formalizou a reserva, esas prazas quedarán libres para cambios solicitados no período de reserva, ou para novas altas no período de matriculación no mes de setembro.

#### PAGAMENTO DE COTAS

**RENOVACIÓN MENSUAL:** Os/As usuarios/as que opten por esta modalidade de pagamento terán que pagar a cota correspondente ao mes de outubro do 13 ao 26 de setembro. Deberán retirar o recibo no pavillón A Xunqueira nas mencionadas datas.

**DOMICILIACIÓN BANCARIA:** Para domiciliar o pagamento, que será trimestral, haberá que cubrir a orde de domiciliación bancaria, o que implicará a matriculación na actividade para o curso 24/25. No caso de tramitar a baixa terán que facelo antes do comezo do curso, o 1 de outubro.

#### CATEGORÍAS POR ANOS DE NACEMENTO

Natación de bebés	2024	2023	2022	
Natción 1ª infancia	2021	2020	2019	
Iniciación e perfeccionamento infantil	2018	2017	2016	2015
	2014	2013	2012	
Perf. Xuvenil	2011	2010	2009	2008
	2007			
Adulto	2006	a	1959	
3ª idade	1959	en diante		